


# PARQUE NATURAL

## BAIXA LIMIA-SERRA DO XURES

PARQUE NATURAL

BAIXA LIMIA-  
-SERRA DO XURÉS



por Elvira Cienfuegos

EN FEBREIRO DE 1993 A XUNTA DE GALICIA DECRETOU A DECLARACIÓN DE PARQUE NATURAL PARA O ESPACIO DENOMINADO *BAIXA LIMIA-SERRA DO XURÉS*, QUE SE SITÚA NOS CONCELLOS OURENSÁNS DE MUÍÑOS, LOBIOS E ENTRIMO. UN TOTAL DE 20.920 HECTÁREAS COLINDANTES POLO SUR, LESTE E OESTE CO PARQUE NACIONAL PORTUGUÉS DA PENEDA-GERÊS E, COMA ESTE, EN FORMA DE FERRADURA, UNHA FERRADURA QUE ABRAZA O VAL DA BAIXA LIMIA. O RÍO CALDO DIVIDE EN DOUS O MACIZO MÁIS MERIDIONAL:

Ó LESTE, A SERRA DO XURÉS; Ó OESTE, A DE SANTA EUFEMIA. NO CONCELLO DE ENTRIMO, O MONTE DO QUINXO E AS ESTRIBACIÓNS DA SERRA DE LABOREIRO CONSTITÚEN OS RESTANTES RIBETES MONTAÑOSOS DO PARQUE, DE SUSTRATO ROCHOSO FUNDAMENTALMENTE GRANÍTICO -CON DIQUES DE APROVEITAMENTO MINEIRO-. A MAIORÍA DO TERRITORIO SITÚASE POR DERRIBA DOS 500 METROS SEN QUE ACADEN OS 1600 NOS PONTOS MÁIS ELEVADOS.

O RÍO LIMIA É O ELEMENTO RECTOR DAS AUGAS, ANQUE DO SEU CURSO SÓ QUEDA DENTRO DO PARQUE PARTE DO TRAMO QUE HOXE CONSTITÚE O ENCORO DE LINDOSO. TAMÉN ESTÁ INCLUÍDA A PARTE SUR DO ENCORO DE SALAS: DESPOIS DEL, O RÍO VAISE ENCAIXANDO, E LOGO DE QUE AS SÚAS MERMADAS AUGAS RECIBAN AS DE AFLUENTES, VAI DEITARSE NO LIMIA, QUE ASÍ RECUPERA PARTE DO SEU CAUDAL, RETIDO NO ENCORO DE AS CONCHAS, EN MUÍÑOS. E É QUE OS ENCOROS CONDICIONAN, CANDO MENOS, A CIRCULACIÓN DAS AUGAS DOS PRINCIPAIS RÍOS DO PARQUE.

CASE DESAPARECIDA A VEXETACIÓN CLIMAX, QUEDAN ALGÚNS BOSQUETES DE CARBALLOS E/OU CERQUIÑOS, E OUTRAS MANCHAS DE FRONDOSAS CON EVIDENTES SIGNOS DE MEDITERRANEIDADE (ÁS QUE SE ENGADEN ESPECIES POUCO FRECUENTES, COMO O TEIXO) QUE RESISTEN NAS ABAS DOS MONTES, EN ALTERNANCIA COA MATORREIRA E AS REPOBOACIÓNS DE PIÑEIROS (AÍND A ESCASO, O EUCALIPTO TAMÉN ESTÁ PRESENTE NO PARQUE). A ROCHA ESPIDA, COAS CURIOSAS FORMAS DE MODELADO GRANÍTICO, É UNHA CONSTANTE, SOBRE TODO NAS PARTES ALTAS.

TAMÉN A FAUNA SOFRIU UN NOTABLE EMPOBRECEMENTO, QUE PODE SER EN PARTE PALIADO COA RECENTE INTRODUCCIÓN DE CORZOS E CERVOS NUNHA SUPERFICIE CERCADA. PERO DESAPARECERON TOTALMENTE A CABRA E A AGUIA REAL. A COTÍO HAI QUE CONFORMARSE CON ATOPAR PACENDO ALGUNHA VACA CACHENA E PERCIBIR A FUXIDA DE COELLOS, ANQUE EXISTAN, DESDE LOGO, OUTRAS ESPECIES: POR EXEMPLO, PARECE SER QUE AÍNDA QUEDAN LOBOS.

A POBOACIÓN, EN XERAL DISEMINADA, CONTA CON MOITOS NÚCLEOS EN CLARA SITUACIÓN DE ABANDONO. DE ANTIGOS POBOADORES CONSÉRVANSE ABONDOSOS RESTOS ARQUEOLÓXICOS: CASTROS E MÁMOAS, MILIARIOS, VÍA ROMANA,...



Val do río Vilameá

## 1ª XORNADA

A estrada que desde Muíños ascende cara Porqueirós leva a un conxunto megalítico en excavación, e arrodea o encoro de Salas atravesando a aldea de Requiás e unha área de sorprendentes formas graníticas entre as que circulan regatos e se agochan colmeais. Preto está o bosque da Pontenova. Na cabeceira do encoro, reconstruídas a unha e outra marxe, érguense dúas antas rescatadas do asulagamento, parte do conxunto de **mámoas do Val do Salas**. A estrada é, ademais, vía de acceso a Portugal: Tourem está a tiro de pedra.

En Xermeade, o río Salas, menguado o seu caudal -só garantido para o

regadío- deixa ver amplas e fondas «marmitas de xigante» a carón do Pozo de Fecha, ó que chega a auga desde un desnivel de metros. Non moi lonxe, o enclave onde se celebra a romaría da Clamadoira ofrece unha interesante vista sobre o encoro de As Conchas e as terras baixas de Muíños.

Deixando a unha e outra beira unha extensa masa de piñeiros, a estrada chega a **A Cela**, pequena aldea na que os grandes penedos graníticos sustitúen por veces os muros de pedra de casas ou cortes. Un camiño empedrado descende cara a carballeira desde a que se avista unha singular e fermosa **fervenza** que os veciños do lugar coñecen co nome de Pozo Negro.

Sae a estrada do Parque ó atravesar

o río Mao, e, en forte pendente, entre aldeas e socalcos, chega a Lobios, onde empata coa que leva a Portela de Home: deseguida se deixa ver, no alto, a **ermida de Nosa Señora do Xurés**, xa en terras do Parque. Disque as campás do seu reloxo marcan as horas a todo o val e o que desde logo é certo é que desde o seu emplazamento hai unha excelente panorámica sobre o val do río Caldo e a **Serra de Santa Eufemia**, ademais de ser punto de partida -ou de descanso- para percorrer o camiño que discorre pola marxe esquerda do río Vilameá.

A seis quilómetros de Lobios está Riocaldo, cunha surxencia de augas termais; seica se ergueu alí a terceira mansión da vía romana que entraba por Portela de Home. No P.K. 11 a estrada penetra no Parque e despois de rebasar un conxunto de miliarios, áchase, a dereita, a Area Recreativa de Santa Eufemia; a pista segue ata o reemisor de TV, ribeirando o cercado de cervos, dunhas 240 hectáreas. A área, coñecida como **Cruz do Touro**, é unha das «zonas de reserva» do Parque pola súa importancia faunística, botánica, xeolóxica e paisaxística.

Do outro lado do Val do Caldo, a **Serra do Xurés**: o punto máis alto é o Pico da Nevosa, con 1.539 m.; moi preto está Altar de Cabrós, con 1.498, que preside as Minas de As Sombras, xa abandonadas, e o **curso alto do río Vilameá**, que, coma o do Caldo, presenta manifestas pegadas do glaciario cuaternario.


## 2ª XORNADA

Unha percepción moi significativa da Serra acádase desde **Entrimo**. Na capital do concello, Terrachán, paga a pena visitar a igrexa de Santa María a Real, de estilo churrigueresco, con torre adosada lateralmente e lixeiramente separada do edificio. En dirección a Queguas, o **miradoiro de San Rosendo do Pedreiriño** sitúanos mesmo fronte a Serra do Xurés: os ríos descendendo, case rectos, paralelos e encaixados, desde o anfiteatro que forman os altos cumios, a ermida do Xurés dominando o val do río Caldo, o encoro de Lindoso ó Leste,...

En **Queguas** remata a estrada. Un camiño empedrado discorre, sempre en ascenso, entre vellas cortes ata atravesar unha ampla carballeira que da paso

a un conxunto arquitectónico singular que, inesperadamente, traslada ó sorprendido visitante a tempos pasados: paredes de pedra e tellados de colmo, máis dunha ducia de cortes en aceptable estado de conservación, dispóñense en ordenada distribución como se dun antigo poboado se tratase. E, a carón, a ermida da Ascensión, co seu adorno por cerquiño centenario. (Máis ó norte, un dolmen -Casa da Moura- e no límite con Portugal a Pena de Anamán, que en Galiza acada os 1.233 m.).

Disque o nome de «Anamán» procede dunha ermida portuguesa adicada a Santa Ana-mãe e situada na base da Pena propiamente dita -un curioso e espectacular resalte de 1.300 m. de altura-. Para acceder a ela pode utilizarse a estrada que desde Entrimo vai a Portugal, por Ameixeiras: 9 Km. actualmen-



Construcción característica

## Fervenza de A Cela



te sometidos a obras de forte impacto, con explanacións que nalgún tramo chegan ós 12 m. de ancho. Despois de outros 5 Km. por terras portuguesas hai, a dereita, unha pista de terra batida que conduce ó santuario, enclavado nun pequeno val entre altos penedos, o meirande dos cales é a antedita Pena de Anamán.

Á fronteira Oeste ven marcada polo río (Barcia-Castro Laboreiro) que circula, afundido, entre o Monte do Quinxo e a Serra da Peneda. Olelas é o núcleo máis próximo ó barranco e punto final da estrada que, saíndo de Entrimo, pasa por Illa beirando o **encoro de Lindoso**, o máis recente dos do Parque. ■

